

FOLLETO MISA PARTICIPADA


MISA CON NENOS

26 de abril de 2022 - CORESMA 5º-A

Xoán 11, 3-7. 17. 20-27. 33-45 (breve):

"Eu son a resurrección e a vida".

Mensaxe: **40 días camiñando tras o tesouro de Xesús**
En Betania recobra a VIDA plena



La aventura de la
Cuaresma
Buscando el tesoro de Jesús

1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: no último domingo de Coresma, o evanxeo relátanos a resurrección de Lázaro. E é que, Xesús esperta as ganas de vivir, dá á vida unha intensidade e profundidade insospeitadas. Ao dicirnos: “*eu son a resurrección e a vida*”, está a ensinarnos a amar a vida, a ser responsables ante as posibilidades que a vida nos dá, a coidar a vida divina que hai en nós. Que o encontro con Cristo neste día, nesta celebración comunitaria anímenos a dicir a Xesús: *Creo Xesús, ti es a resurrección e a vida plena.*

(Poderíase poñer no presbiterio varias macetas de plantas floridas sobre unhas vendas e unha frase: “Xesús, es fonte de Vida e de Resurrección”).

Sacerdote: *-No nome do Pai... O Señor resucitado, que é fonte de vida plena para todos, sexa convosco.*

2. SÚPLICAS DE PERDÓN

Sacerdote: *Recoñecemos os nosos pecados:*

- **Catequista:** *Ti, Xesús, que viñeches a buscar ao que estaba perdido. Señor, ten piedade de nós.*

- **Pais:** *Ti, Xesús, que quixeches dar a vida en rescate por todos. Cristo, ten piedade de nós.*

- **Neno/nena:** *Ti, Xesús, que es a Resurrección e a Vida. Señor, ten piedade de nós.*

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas de hoxe fálannos do Deus que aposta sempre pola vida. Na primeira Ezequiel fálanos da promesa de Deus que nos resucitará á vida. Tamén nós somos chamados a pasar da morte á vida, impulsados polo Espírito que foi derramado sobre nós. Oxalá o berro do Señor a Lázaro, chamándoo a saír do sepulcro, resoe hoxe con forza en cada un dos nosos corazóns!. Que, estas lecturas nos axuden tamén a prepararnos á Semana Santa: Xesús é a fonte da nosa vida e a resurrección definitiva.



LECTURAS

• **EZEQUIEL 37, 12-14:** *Poñerei o meu espírito en vós e viviredes.*

• **SALMO 129:**

R/. Do Señor vén a misericordia, a redención copiosa.

• **ROMANOS 8, 8-11:** *O espírito do que resucitou a Xesús de entre os mortos habita entre vós.*

• **XOÁN 11, 3-7. 17. 20-27. 33-45** (forma breve): *Eu son a resurrección e a vida.*

Narrador: Naquel tempo, as irmás de Lázaro mandáronlle recado a Xesús dicindo:

Marta: -«Señor, o que ti amas está enfermo».

Narrador: Cando Xesús chegou, Lázaro levaba xa catro días enterrado. Cando Marta se decatou de que chegaba Xesús, saíu ao seu encontro, mentres María quedou en casa. E dixo Marta a Xesús:

Marta: -«Señor, se estiveses aquí non morrería o meu irmán. Pero aínda agora sei que todo o que pidas a Deus, Deus concederacho».

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: -«O teu irmán resucitará».

Narrador: Marta respondeu:

Marta: -«Sei que resucitará na resurrección no último día».

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: -«*Eu son a resurrección e a vida: o que cre en min, aínda que morrese, vivirá; e o que está vivo e cre en min, non morrerá para sempre. Crees isto?*».

Narrador: Ela contestoulle:

Marta: -«Si, Señor: eu creo que ti es o Cristo, o Fillo de Deus, o que tiña que vir ao mundo».

Narrador: Xesús conmoveuse no seu espírito, estremeceuse e preguntou:

Xesús: --«*Onde o enterrastes?*».

Narrador: Contestáronlle:

Xudeus: -«Señor, ven velo».

Narrador: Xesús botouse a chorar. Os xudeus comentaban:

Xudeus: -«Como o quería!».

Narrador: Dixo Xesús:

Xesús: -«*Quitade a laxa*».

Narrador: Entón quitaron a laxa. Xesús, levantando os ollos ao alto, dixo:

Xesús: -«*Pai, douche grazas porque me escoitaches; eu sei que ti me escoitas sempre; pero dígoo pola xente que me rodea, para que crean que ti me enviaches*».

Narrador: E dito isto, gritou con voz potente:

Xesús: -«*Lázaro, sae fóra*».

Narrador: O morto saíu, os pés e as mans atados con vendas, e a cara envolta nun sudario. Xesús díxolles:

Xesús: -«*Desatádeo e deixádeo andar*.

Narrador: E moitos xudeus que viñeran á casa de María, ao ver o que fixera Xesús, creron nel.

Palabra do Señor.

(Narrador – Marta – Xesús - Xudeus)

4. ORACIÓN DOS FIEIS

Sacerdote: *A Deus, Pai e amigo da vida, oramos con fe, dicindo:*

Énchenos da túa vida, Señor.

1. Pola Igrexa, para que nos contaxie de ganas de vivir, de ilusión, de fe en Cristo resucitado. ***Oremos.***
2. Polos cristiáns, para que superemos aquilo que hai de morte, de pecado, de vicio en nós. ***Oremos.***
3. Polos que viven nos sepulcros da pobreza, da desesperanza, da falta de fe. ***Oremos.***
4. Polos que viven a perda dun ser querido, para que se saiban acompañados polo Deus da Vida e por nós. ***Oremos.***
5. Polos que se esforzan en desenvolver as súas capacidades e loitan pola calidade de vida, pola saúde, polo benestar dos que nos rodean. ***Oremos.***
6. Polos nenos e nenas de catequeses que hoxe piden á comunidade a primeira comunión e polas vocacións, ***Oremos.***

Sacerdote: *Dámosche grazas, Pai polo don da vida, axúdanos a respectala e a defendela.*

5.- PROCESIÓN DE OFRENDAS

- VENDAS:

As vendas representan todo o que nos ata e nos impides que Xesús sexa o máis importante para nós, a nosa vida, aquel a quen creo e aquel a quen quero dar o que somos e temos.

- ÓLEO BAUTISMAL:

O Óleo Bautismal que recibimos no Bautismo é como unha medicina para o noso espírito, para ter forza para loitar contra as adversidades da vida e saír do sepulcro do egoísmo, da intolerancia, etc.



- MEDICINAS:

Este último domingo de Coresma fálanos da vida e da morte. As medicinas son símbolo do coidado da vida, sen elas non poderíamos vivir ou a nosa vida estaría moi deteriorada. Señor, queremos expresarche o noso desexo de coidar a nosa vida con todas as súas posibilidades e dámosche grazas pola Vida eterna que queres para nós. E que valoremos cada día máis o pan e o viño, a medicina de inmortalidade, porque sabemos que “o que come deste pan vivirá para sempre”.

-PAN E VINO:

E que valoremos cada día máis O PAN E VIÑO DA Eucaristía que unha vez consagrados serán para nós a medicina de inmortalidade; porque sabemos o que o Señor nos dixo: *“o que come deste pan vivirá para sempre”*.

Ti es vida para as nosas mortes

Xesús, ti tamén choras a morte dun amigo, tamén che desbasten as dificultades da vida.

Ti sabes moito de malos momentos e da forza do agarimo para suavizalos.

E sabes tamén como nos vimos abaixo ante as contrariedades e ante as situacións que non entendemos porque ao sentirnos vulnerables perdemos o acougo.

Dis que se tivésemos fe nada nos sería imposible, pero a morte non a podemos entender, excédenos, sepáranos dos nosos.

Queremos crer que detrás de toda situación dolorosa hai vida, que nos atoparemos despois, na casa do Pai, que somos finitos e, por tanto, debemos ir separándonos uns doutros e que Ti nos axudarás a superar a dor da distancia.

A Marta e María non lles devolverías ao seu irmán, exactamente, pero si o consolo, o ánimo e a vitalidade persoal.

Iso é o que temos que saber deixar que fagas en nós, cada vez que vivimos unha morte, unha dor, unha dificultade aparentemente insoportable.

Contigo a vida é moito máis levadía.

Ti proximidade ponnos en contacto con todos os recursos persoais e saca o mellor duns e outros, pon en circulación o agarimo que nos facilita a vida, que nos fai poder co case imposible.

Ti, Señor, es bálsamo para nosas feridas, resurrección para as nosas mortes, saúde para as nosas enfermidades, consolo para os nosos desamores, aceptación para os nosos fracasos. Ti potencias nosa parte de Marta e de María, a nosa capacidade activa tanto como a contemplativa.

Ti ensínasnos a ser amigos, compañeiros, a humanizar e consolar. Pon palabras na nosa boca para compartir alegrías e penas, para expresar o amor contigo e como Ti.

Mari PatxiAyerra

6.- ORACIÓN DE GRAZAS

Grazas pola Vida

Grazas Xesús pola vida que **me deches ao crearme**, froito do teu amor e do amor dos meus pais.

Son consciente de que a vida está **chea de posibilidades**:
rir, xogar, cantar, facer deporte, estudar ou traballar,
gozar dos amigos ou da familia. Iso faime máis
responsable, con ganas de aproveitar as miñas
calidades.

Pai bo, quero vivir **a vida como** un don que teño que
compartir cos irmáns.

Ti fas correr polas miñas veas a **vida da graza** que
alimentas cos sacramentos.

Quero agradecerche hoxe especialmente esa **vida nova**
que nos prometes despois desta, unha vida plena, feliz,
chea de amor.

Xesús, ante a morte de Lázaro escoitaches e acolliches
entre bágoas as queixas dos teus amigos Marta e María.

Coa túa palabra devolvícheslles ao seu irmán vivo,
"resucitado": era como un anticipo da túa propia
resurrección e da vida eterna que nos prometiches e
ofreciches a todos.

Sabes que ante a morte dos que quero, cústame crer, a
dor da separación ofusca a miña fe e desde dentro do
corazón brotan tantos "por que!".

Pero sei que un día volverei á túa casa, Xesús, a nosa casa
do ceo. Pase o que pase creo en ti, estou seguro nas
túas mans. E queroche expresar a miña confianza e a
miña fe: **"Es a Resurrección e a Vida"**.

**FELIZ DOMINGO
DÍA DO SEÑOR**